



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE MAIO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezaseis de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Maria Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de maio de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Resolución do 27 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. (Diario Oficial de Galicia número 88, do 10 de maio de 2016).

- RP 2016/9336. Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FOIOOB: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016. Figura o Concello de Cambre co obxecto



“conciliación”, cun importe de subvención de 13.540 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 88, do 10 de maio de 2016).

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, da excma. Deputación Provincial da Coruña, das bases específicas que complementan as bases reguladoras xerais das convocatorias de subvencións publicadas no BOP número 221, do 18 de novembro de 2015, programa de subvencións dirixido os concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 89, do 11 de maio de 2016).

3º.- Expedientes de contratación

3.1.- Proposta de adjudicación do contrato menor para execución da obra "Reforma da instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol "Os Pinares", Brexo-Lema". Expediente 2016/C002/000007

Con data 24 de abril de 2014, o Pleno do Concello de Cambre acordou aceptar a doazón efectuada polo Brexo-Lema, Sociedade Deportiva, duns terreos e infraestruturas situados no lugar de Lema, parroquia de Brexo-Lema, co compromiso de executar neses terreos un campo de fútbol de céspede artificial con rego automático, a iluminación, e as infraestruturas complementarias necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade deportiva.

Con data 11 de abril de 2016 o concelleiro delegado dá área de Cultura Tradicións populares e Deportes solicita que se proceda a comprobar o estado das instalacións existentes nos vestiarios do campo de Fútbol de "Os Pinares", constatándose polo enxeñeiro técnico municipal, en visita de comprobación, a necesidade de renovar a instalación eléctrica existente, xa que a mesma presenta unha serie de incumprimentos da normativa en vigor que lle afecta, en concreto, do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

En base aos incumprimentos detectados, elaborouse polo enxeñeiro técnico municipal, don Ignacio Fernández Díaz, unha memoria valorada para a “REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL "OS PINARES", BREXO-LEMA”, para servir de base para a definición e xustificación das obras necesarias para a realización da reforma da instalación eléctrica dos vestiarios do antedito campo de fútbol, e que conta cun orzamento de execución por contrata de 18.540,19 euros IVE incluído.

Con data 27 de abril de 2016 o enxeñeiro técnico municipal emite informe, no que propón que para a valoración das ofertas se teña en conta unicamente o factor prezo, e indica unha relación de empresas que contan con capacidade para executar a actuación prevista, e, polo tanto, poderían ser invitadas a participar na licitación que se incoe, para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, sen prexuízo de que este poidese invitar a participar na licitación ás empresas que se considerasen convenientes.

Con data 2 de maio de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente acreditación da recepción das invitacións enviadas a:



“CELNOR SERVICIOS S.L.”, “ELECTRICIDAD PERMUY S.L.”, e “INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, S.L. (INSTELEC S.L.)”. As tres entidades invitadas presentaron as súas ofertas, que constan rexistradas de Entrada no expediente.

Con data do 10 de maio de 2016 emitíuse proposta de adxudicación polo enxeñeiro técnico municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, a prol da entidade “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.”, por ser a que maior puntuación obten na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución da obra no importe total de 17.996,45 euros, IVE incluído.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 2 de maio de 2016

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ademais do presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando as normas específicas o requiran, así como o informe de supervisión, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 10 de maio actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000007,

Vista proposta da Alcaldía, de data 10 de maio de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo enxeñeiro técnico municipal de data 27 de abril de 2016, para a contratación da obra de “Reforma da instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”, así como a memoria elaborada polo antedito enxeñeiro técnico municipal, por un importe máximo de execución por contrata de 18.540,19 euros, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016 342 212.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000007, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás tres entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC, S.L.), “CELNOR SERVICIOS S.L.”, e “ELECTRICIDAD PERMUY S.L.”

Quinto: Adxudicar a obra no prezo ofertado de 17.996,45 euros (IVE engadido), á empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC S.L.), con CIF B-15025661 e domicilio en



rúa Ermita, 34, Polígono da Grela, 15008 A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo contemplado no expediente de contratación incoado.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

| Empresa | Puntuación |
|---------------------------|------------|
| INSTELEC, S.L. | 1º |
| ELECTRICIDAD PERMUY, S.L. | 2º |
| CELNOR SERVICIOS S.L. | 3º |

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como director da obra e responsable do contrato ao enxeñeiro técnico municipal, don Ignacio Fernández Díaz, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, á quen lle corresponderá supervisar a súa realización, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

3.2.- Contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración:factor prezo, da obra incluída no POS 2016 "Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre". Expediente 2016/C003/000003

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 8 de outubro de 2015, aprobou as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, (POS) 2016, que fóron publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro seguinte.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 14 de decembro de 2015 acordouse participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, no que se inclúe a obra "Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre". Na mesma sesión plenaria, acordouse aprobar o proxecto correspondente á antedita obra, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 203.544,91 euros.

Con data do día 5 de febreiro de 2016, o Sr. Alcalde ditou a resolución nº 156, na que, debido ao requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña para que se corrixan deficiencias observadas no proxecto, se aproba o proxecto corrixido elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, correspondente á obra "Mellora da rede viaria nas parroquias de



Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre”, cun orzamento de execución por contrata de 203.544,91 euros.

A anterior Resolución da Alcaldía, foi ratificada polo Pleno municipal, con data do 24 de febreiro de 2016.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria realizada o 26 de febreiro de 2016, aprobou o POS do ano 2016, publicándose este acordo no BOP nº 41 do 2 de marzo actual.

O día 15 de marzo de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/2188, Circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, onde se comunica que mediante Resolución da Presidencia da Deputación de data 11/03/2016 considerouse definitivamente aprobado o POS 2016, no que se inclúe a obra proposta polo Concello de Cambre, indicando, así mesmo, que pode iniciarse a fase de contratación e posterior execución das obras.

O orzamento municipal en vigor prevé o gasto da achega municipal para esta contratación, na súa aplicación 1532/61900, e o proxecto conta coas preceptivas autorizacións emitidas : pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (recibida o 28/12/2015 ao nº 0/11702), pola Axencia Galega de Infraestruturas de Galicia (recibida o 05/01/2016 ao nº 04/14), pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (recibida o 19/01/2016 ao nº 04/75), por Augas de Galicia, (recibida o 27/01/2016 ao nº 0/748), pola Deputación Provincial da Coruña, (e recibida no Concello de Cambre o día 04/02/2016 ao nº 0/978), e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (recibida o 12/02/2016 ao nº 0/1205).

Con data do 29 de abril de 2016, efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Con data do 2 de maio de 2016, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe no que propón, entre outros aspectos, os criterios valorables para a adxudicación do presente contrato.

Consta no expediente o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da corporación, asinado con data do 12 de maio de 2016.

Vista proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, (cun único criterio de valoración : factor prezo), para adxudicar o proxecto da obra de “*Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre*”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2016,cun orzamento total de execución por contrata de 203.544,91 euros, IVE incluído,(en un valor estimado de 201.862,71 euros), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 142 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a



determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá utilizarse un único criterio de valoración, sendo este o factor prezo, (exp. nº 2016/C003/000003).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 1532/61900.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración : factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña coa data do 30 de decembro de 2015, publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016 ,así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto :De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, e no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Adxudicación do contrato menor para a prestación do servizo de mantemento e socorrismo na piscina municipal da urbanización "Castros do Bosque" en Cecebre, durante o verán 2016. Expediente 2016/C002/000005

Con data 22 de abril de 2016, o coordinador de actividades culturais e educativas, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, emite informe no que se propón a contratación do servizo de mantemento e socorrismo na piscina municipal da urbanización "Castros do Bosque" en Cecebre, durante o verán 2016 (do 15 de xuño ao 15 de setembro, ambos incluídos), acompañando ao informe o prego de prescricións técnicas, por un importe máximo de execución por contrata de 13.794,00 euros, IVE incluído.

Con data 22 de abril de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación a tres empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, ("Hebe Sport, S.L.", "Esproade, S.L." e "A Billarda, SRL"), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas . As tres entidades invitadas presentaron as súas ofertas, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 5 de maio de 2016 emitiuse proposta de adxudicación polo coordinador de actividades culturais e educativas, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes , a prol da entidade "A Billarda, SRL", por ser a que maior puntuación obten na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 9.619,50 euros, IVE incluído.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 20 de abril de 2016



Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 12 de maio actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000005,

Vista proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta presentada polo coordinador de actividades culturais e educativas, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, para a contratación do servizo de mantemento e socorrismo na piscina municipal da urbanización "Castros do Bosque" en Cecebre, durante o verán 2016 (do 15 de xuño ao 15 de setembro, ambos incluídos), así como o prego de prescricións técnicas regulador das características do servizo, por un importe máximo de execución por contrata de 13.794,00 euros, IVE incluído.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación 342.22709 "Mantemento piscinas municipais".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000005, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás tres entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas "Hebe Sport, S.L.", "Esproade, S.L." e "A Billarda, SRL".

Quinto: Adjudicar o contrato no prezo ofertado de 9.619,50 euros (IVE incluído), á empresa "A Billarda S.R.L." con CIF B-27278845 e enderezo en Pena do Rei, 5, entresollado C, 27002 Lugo, por ser o licitador que propón a oferta máis vantaxosa e obtén a máxima puntuación (100 puntos), en función do factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, ao realizar a oferta economicamente máis baixa.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

| LICITADORES | Puntuación |
|-------------------|------------|
| A Billarda S.R.L. | 100 |
| Hebe Sport,S.L. | 74 |
| Esproade, S.L. | 30 |

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá



incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designarase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Tendo en conta que o servizo contratado leva consigo o contacto habitual con menores, antes de comezar a execución da prestación do servizo, a entidade adxudicataria deberá presentar no Concello de Cambre, certificacións negativas do Rexistro Central de delinquentes sexuais, acreditativas de que o persoal destinado a executar o servizo non fose condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, (isto de conformidade co establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia)

Noveno: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Deportes, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 6 ao 12 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 714/2016 e remata coa resolución da concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 735/2016, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|--|
| 714/2016 | 06/05/2016 | Convocatoria Xunta Goberno Local 9 de maio de 2016 |
| 715/2016 | 06/05/2016 | Conceder o anticipo reintegrable a dona CAV |
| 716/2016 | 06/05/2016 | Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (NVR), por importe total de 47.899,83 euros |
| 717/2016 | 06/05/2016 | Segundo requirimento a GG SDG, S.A., para que presente a documentación esixida na Resolución do alcalde núm. 2146/2015, de data 7 de decembro de 2015. Procedemento de comprobación limitada PCL 7/2015. |
| 718/2016 | 06/05/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: DR 3546 a12 |
| 719/2016 | 06/05/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: DR 3561 masivo |
| 720/2016 | 06/05/2016 | Ruta 120 ó Castelo da Frouseira. Programa VENDE DE |



| | | |
|----------|------------|---|
| | | MARCHA 2016. Galicia Histórica. XVI edición |
| 721/2016 | 06/05/2016 | Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2016 - I |
| 722/2016 | 06/05/2016 | Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por JJDL para construír un cerramento de tea metálica no terreo situado en Coruxos, Meixigo |
| 723/2016 | 09/05/2016 | Renuncia recibo auga EHTT |
| 724/2016 | 09/05/2016 | Desestimento axuda recibo luz de AMBP |
| 725/2016 | 09/05/2016 | Denegación axuda recibo luz a GM |
| 726/2016 | 10/05/2016 | Conceder a prórroga prazo finalización licenza construción vivenda unifamiliar expte 01/25/13. Solicitante: JSV |
| 727/2016 | 10/05/2016 | Expediente de xeración de crédito núm. 3/2016, achega do POS 2016 á mellora da rede viaria nas Parroquias de Cecebre, Bribes e outras |
| 728/2016 | 10/05/2016 | Solicitar a cesión en propiedade dun vehículo todo terreo tipo pick up, isto ao abeiro do disposto na Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adjudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 |
| 729/2016 | 10/05/2016 | Inicio de procedemento sancionador. proposta de resolución (procedemento abreviado). infracción tributaria por incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións (arts 191 e 192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 1/2015 |
| 730/2016 | 10/05/2016 | Grupos teloneiros no Rock in Cambre 2016 |
| 731/2016 | 10/05/2016 | Solicitar unha subvención para a colaboración económica coa AVPC de Cambre nos gastos de natureza corrente, isto ao abeiro do disposto na Orde do 18 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 |
| 732/2016 | 11/05/2016 | Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (XAC, S.L. e máis), por importe total de 94.245,50 euros |
| 733/2016 | 12/05/2016 | Renuncia recibo aluguer de MEPM |
| 734/2016 | 12/05/2016 | Curso de informática abril-xuño 2016 |
| 735/2016 | 12/05/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: DII (p3568) |



5º.- Informes doutros asuntos de área

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo unha reunión coa Comisión de Plans de pensións, quen presenta o informe anual de contas. Comunicóuselle que no lugar de don Augusto Rey Moreno se nomeou a dona Maria Dolores Blanca García Fernández. Nos vindeiros días virá un responsable de Abanca para informar da situación actual a todos os traballadores de Concello que queiran asistir.
- Mantivo unha reunión con Agadeco, traballan con pacientes de dano cerebral. Trataron da colaboración e subvención do Concello de Cambre. Hai oito persoas do concello que reciben asistencia nesta asociación.
- Mantivo unha reunión cos conserxes das instalacións deportivas, os cales transmiten as súas reivindicacións históricas: non poden gozar da media hora de descanso, piden unha compensación e preguntan por que non se lles ofrecen horas extraordinarias nos días que están libres.
- Estanse a seguir os pasos para equiparar as retribucións a percibir polo aparelador que se vai a contratar adaptándoas ao seu posto e categoría.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 9 en Xunta de Goberno Local se acorda poñer como data para a entrega de diplomas do XVI Plan Municipal de Formación para o Emprego o día 31 de maio, e invitar a Deputación provincial da Coruña xa que é a entidade que colabora no seu financiamento a través da subvención convocatoria de actividades de promoción económica BOP 18/10/216.
- Ás 16:05 asistiu ao consello escolar do CEIP do Graxal do Temple.
- Ás 18:40 asistiu á reunión do Consello do GDR Mariñas-Betanzos e a continuación se celebrou a asemblea anual onde se acordou a reelección dos catro cargos principais e as novas incorporacións como vocais na que Cambre formará parte.
- O día 10 enviouse solicitude de autorización a Demarcación de Costas del Estado en Galicia para poder realizar a feira do Temple na zona do paseo marítimo.
- O día 12 visitou na parroquia do Temple varios negocios de hostalaría situados nas rúas Polígono, Anxel Fole e Francisco Rodríguez coa técnica de Promoción Económica para ver o interese dele en realizar accións conxuntas para dinamizar economicamente a zona.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:



- O martes, día 10 de maio, asistiu na Casa Rosa de Culleredo a presentación do III Premio José Luís Muruzábal.

- Ás 20:15 horas mantivo unha reunión co Voluntariado, onde se trataron as necesidades do programa de acción voluntaria, necesidades e actualidade dos proxectos, cursos de formación, necesidades de material, etc...

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Paula Carballeira nas bibliotecas:

- Biblioteca central: mércores, 11, 22 nenos e 18 adultos.
- Biblioteca Os Templarios: xoves, 12, 58 nenos e 42 adultos.
- Biblioteca Xabier P. Docampo: venres, 13, 23 nenos e 13 adultos.

- O Moucho nas escolas:

- Luns, 9 e martes 10, no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre. En total, 194 nenos.
- Mércores, 11, escolas unitarias de Pravio e Cecebre.
- Xoves, 12, CEIP Emilio González López, de Brexo, 76 nenos.
- Venres, 13, CEIP Gonzalo Torrente Ballester, de Sigrás, 71 nenos.

- O sábado, día 14 de maio, "Contos na lareira", no local do Sporting Cambre, en Quintán.

- O sábado, día 14 de maio, "Contos na lareira", no local social de San Lorenzo.

- O domingo, día 15 de maio, auditorio do Parque da Igrexa, ás 13.00 horas, actuación de Sementeira e o Coro Arumes da Fraga. Concerto conmemorativo do día das Letras Galegas.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O luns, día 9 de maio, asistiu ao consello escolar do instituto Afonso X O Sabio, da Barcala.

- O mércores, día 11 de maio, mantivo unha reunión coa directora do CEIP Gonzalo Torrente Ballester, de Sigrás, para retomar o Plan xermola.

- O venres, día 13 e maio, asistiu ao consello escolar do instituto David Buján, de Sigrás.

- O sábado, día 14 de maio, asistiu a charla sobre a vespa velutina no centro de formación do Espirito Santo, Cecebre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia